

**Festival de artes
performativas**

plataforma.gal

gal.

Plataforma. Festival de artes performativas é un proxecto que baixo o fío da performatividade quere tender pontes entre as artes visuais e as artes vivas, a música, a arquitectura, a poesía e outras disciplinas culturais. *Plataforma* é un festival pensado para Santiago de Compostela, comprometido coa súa riqueza patrimonial, coa súa diversidade, coa igualdade, coa tradición e coa innovación cultural, que naceu preocupado pola sustentabilidade das súas propostas e por proxectar o talento local.

Dirixido pola Cooperativa Performa, o festival *Plataforma* naceu coa intención de traballar en rede e complicitade co maior número de axentes, institucións e espazos posibles dunha cidade referente cultural como Santiago de Compostela. Neste sentido, é un festival que encaixa na rica programación cultural da cidade pola súa transversalidade e a descentralización das súas localizacións, pola súa escala, pola súa programación pensada para espazos singulares e pola súa accesibilidade.

Nesa liña, unha das singularidades do festival é a programación de varias exposicións coas que se relacionan directamente algunhas das performances programadas. Tamén é de sinalar a implicación do festival con iniciativas que, polo seu carácter experimental e híbrido, habitualmente non teñen espazo nas programacións museísticas ou nas programacións estables de ámbito cultural. Por outra banda, o festival *Plataforma* fomenta a colaboración entre artistas de diferentes disciplinas, o que favorece o cruzamento de públicos diversos

cast.

Plataforma. Festival de artes performativas es un proyecto que bajo el hilo de la performatividad quiere tender puentes entre las artes visuales y las artes vivas, la música, la arquitectura, la poesía y otras disciplinas culturales. *Plataforma* es un festival pensado para Santiago de Compostela, comprometido con su riqueza patrimonial, con su diversidad, con la igualdad, con la tradición y con la innovación cultural, que nació preocupado por la sostenibilidad de sus propuestas y por proyectar el talento local.

Dirigido por Cooperativa Performa, el festival *Plataforma* nació con la intención de trabajar en red y complicitad con el mayor número de agentes, instituciones y espacios posibles de una ciudad referente cultural como Santiago de Compostela. En este sentido, es un festival que encaja en la rica programación cultural de la ciudad por su transversalidad y la descentralización de sus localizaciones, por su escala, por su programación pensada para espacios singulares y por su accesibilidad.

En esa línea, una de las singularidades del festival es la programación de varias exposiciones con las que se relacionan directamente algunas de las performances programadas. También es de señalar la implicación del festival con iniciativas que, por su carácter experimental e híbrido, habitualmente no tienen espacio en las programaciones museísticas o en las programaciones estables de ámbito cultural. Por otra parte, el festival *Plataforma* fomenta la colaboración entre artistas de diferentes disciplinas, lo que favorece el cruce de públicos diversos e interesantes conexiones creativas.

gal.

e interesantes conexións creativas. Cunha importante representación feminina e unha decidida aposta polo talento galego, *Plataforma* reuniu nas súas diferentes edicións performances, música, danza, poesía, pintura, deseño e arte contemporáneo en exposicións, accións e conferencias performativas capaces de unir a protagonistas galegos con valores de gran recoñecemento internacional. Con estreos absolutos de pezas de artistas, performances creadas especificamente para o festival, accións poético-musicais inéditas, estreos en España e en Galicia, e accións performativas coa colaboración de artistas locais, *Plataforma* situouse coma unha recoñecida e valorada referencia no seu campo no contexto ibérico.

Plataforma é, ademais, un festival comprometido cos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas. Convencidos de que a arte e a cultura son axentes imprescindibles para o cambio e que a arte é un elemento clave para o benestar social, *Plataforma* defende a creatividade como un elemento transformador. Conscientes da inexistencia dun ODS específico para a cultura, desde *Plataforma* reivindícase a súa presenza transversal no relativo á educación, en facer as cidades máis sustentables e habitables, en repensar as pautas de consumo e produción cultural ou na promoción dunha sociedade máis inclusiva e defensora da igualdade e o dereito á cultura.

cast.

Con una importante representación femenina y una decidida apuesta por el talento gallego, *Plataforma* ha reunido en sus diferentes ediciones performances, música, danza, poesía, pintura, diseño y arte contemporáneo en exposiciones, acciones y conferencias performativas capaces de unir a protagonistas gallegos con valores de gran reconocimiento internacional. Con estrenos absolutos de piezas de artistas, performances creadas específicamente para el festival, acciones poético-musicales inéditas, estrenos en España y en Galicia, y acciones performativas con la colaboración de artistas locales, *Plataforma* se ha situado como una reconocida y valorada referencia en su campo en el contexto ibérico.

Plataforma es, además, un festival comprometido con los 17 Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS) de Naciones Unidas. Convencidos de que el arte y la cultura son agentes imprescindibles para el cambio y que el arte es un elemento clave para el bienestar social, *Plataforma* defiende la creatividad como un elemento transformador. Conscientes de la inexistencia de un ODS específico para la cultura, desde *Plataforma* se reivindica su presencia transversal en lo relativo a la educación, en hacer las ciudades más sostenibles y habitables, en repensar las pautas de consumo y producción cultural o en la promoción de una sociedad más inclusiva y defensora de la igualdad y el derecho a la cultura.

gal.

Nesta terceira edición, *Plataforma* percorrerá espazos de emblemáticos de Compostela como a Praza do Obradoiro, San Martiño Pinario, a Praza do Toural, o Parque de Bonaval, o Barrio de Vite, a Fundación DIDAC, o Teatro Principal, o Auditorio de Galicia e o CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea, levando as distintas actuacións e actividades por distintas zonas da cidade.

Plataforma está en liña cos obxectivos de Cooperativa Performa, un colectivo de axentes culturais preocupado por conseguir que os creadores e creadoras poidan desenvolver os seus proxectos. Dende Cooperativa Performa agradecemos a implicación e complicidade de artistas, persoal técnico e institucións públicas e privadas que fan posible esta terceira edición de *Plataforma*.

David Barro, Mónica Maneiro e Iñaki Martínez Antelo
Directores de *Plataforma*.
Festival de artes performativas

cast.

En esta tercera edición, *Plataforma* recorrerá espacios de emblemáticos de Compostela como la Praza do Obradoiro, San Martiño Pinario, la Praza do Toural, el Parque de Bonaval, el Barrio de Vite, la Fundación DIDAC, el Teatro Principal, el Auditorio de Galicia y el CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea, llevando las distintas actuaciones y actividades por distintas zonas de la ciudad.

Plataforma está en línea con los objetivos de Cooperativa Performa, un colectivo de agentes culturales preocupado por conseguir que los creadores y creadoras puedan desarrollar sus proyectos. Desde Cooperativa Performa agradecemos la implicación y complicidad de artistas, personal técnico e instituciones públicas y privadas que hacen posible esta tercera edición de *Plataforma*.

David Barro, Mónica Maneiro e Iñaki Martínez Antelo
Directores de *Plataforma*.
Festival de artes performativas

PLATAFORMA

Macarena Montesinos

XOVES 09/06

20.00_Praza do Obradoiro

Concerto monocromo

Macarena Montesinos /
Banda Municipal de Música
de Santiago de Compostela
Director: David Fiuza



gal.

Macarena Montesinos é unha artista fronteiriza que traballa entre a música e as artes visuais. Para inaugurar esta edición de Plataforma preséntanos *Concerto Monocromo*, unha peza sonora creada dende unha dimensión visual, que se estrutura partindo de dous conceptos gráficos, como son o punto e a liña, coa súa correspondencia sonora, nota corta e nota longa.

cast.

Macarena Montesinos es una artista fronteriza que trabaja entre la música y las artes visuales. Para inaugurar esta edición de Plataforma nos presenta *Concerto Monocromo*, una pieza sonora creada desde una dimensión visual, que se estructura partiendo de dos conceptos gráficos, como son el punto y la línea, con su correspondencia sonora, nota corta y nota larga.

PLA

TA

Banda Municipal

de Música de Santiago de Compostela

gal.

A praza do Obradoiro de Santiago de Compostela converterase no lenzo para interpretar esta peza na que o silencio é tratado como baleiro, o son como materia e a repetición como motivos visuais, pintados dunha soa cor, con unha soa nota.

Dentro do proceso, dunha forma aparentemente sinxela pero intimamente complexa, necesitarase da complicitade dos intérpretes. Os membros da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, dirixida por David Fiuza, crearán os seus propios patróns rítmicos, desvelando así unha rede de polirritmias, repeticións e densidades que darán como resultado unha obra sonora imperdible.

cast.

La plaza del Obradoiro de Santiago de Compostela se convertirá en el lienzo para interpretar esta pieza en la que el silencio es tratado como vacío, el sonido como materia y la repetición como motivos visuales, pintados de un solo color, con una sola nota.

Dentro del proceso, de una forma aparentemente sencilla pero intimamente compleja, se necesitará de la complicitad de los intérpretes. Los miembros de la Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, dirigida por David Fiuza, crearán sus propios patrones rítmicos, desvelando así una red de polirritmias, repeticiones y densidades que darán como resultado una obra sonora imperdible.

Fotografía: Manuel G. Vicente





CGAC PRESENTA:

Berio Molina

gal.

Dislocación é un exercicio de toma de posesión do museo. Para iso, Berio Molina, Alejandra Pombo Su e Calís Pato, instalarase no CGAC e habitarán as súas salas durante a duración do festival Plataforma, realizando unha serie de accións cotiás e sonoras que filmarán e rexistrarán durante as súas horas activas. Comer, dormir, facer exercicio, bailar, serán algunhas das súas actividades. Ao mesmo tempo os tres artistas chamarán a atención dos residentes da cidade a través da activación do son emitido polas bocinas instaladas na terraza do centro. Dentro, a súa voz rebotará contra as paredes buscando algún tipo de resonancia, unha dislocación entre outras, pero que é ese son?, que significa? de onde vén? e, o máis importante, onde nos sitúa? *Dislocación* forma parte da exposición *O museo como escenario*.

cast.

Dislocación es un ejercicio de toma de posesión del museo. Para ello, Berio Molina, Alejandra Pombo Su y Calís Pato, se instalarán en el CGAC y habitarán sus salas durante la duración del festival Plataforma, realizando una serie de acciones cotidianas y sonoras que filmarán y registrarán durante sus horas activas. Comer, dormir, hacer ejercicio, bailar, serán algunas de sus actividades. Al mismo tiempo, los tres artistas llamarán la atención de los residentes de la ciudad a través de la activación del sonido emitido por unas bocinas instaladas en la terraza del centro. Dentro, su voz rebotará contra las paredes buscando algún tipo de resonancia, una dislocación entre otras, pero ¿qué es ese sonido?, ¿qué significa?, ¿de dónde viene? y, lo más importante, ¿dónde nos sitúa? *Dislocación* forma parte de la exposición *El museo como escenario*.



10-18/06

18.30 CGAC

Salas de exposicións

Dislocación

Performance duracional

Berio Molina

En colaboración con Calís Pato
e Alejandra Pombo Su

CGAC PRESENTA:

Marta Pazos

gal.

Contemplación é o título da instalación coa que Marta Pazos forma parte da exposición *El museo como escenario* no CGAC. Con ela lévanos a un elemento primordial da creación. Unha luz verde lima similar á dos fogos fatuos que expiran dos corpos como último hálito de vida. As baleas son os únicos animais que gardan e custodian os rexistros akáshicos. Cos seus cantos e vibracións fian e ancoran información luminosa máis aló do plano sensorial. As baleas traballan activamente na curación dos océanos; as súas enerxías, purifican as memorias almacenadas na auga. As baleas azuis están a chegar ás nosas costas nos últimos anos; créese que guiadas pola súa memoria. En *Contemplación* Marta Pazos propón unha peza específica para o Dobre Espazo capaz de proporcionar ao visitante unha experiencia inmersiva no museo.

A instalación será activada de maneira escénica baixo a dirección artística de Marta Pazos e a sonoplastia de Hugo Torres. Lola e Miguel, dous *performers* cegos casados dende hai máis de trinta anos, relacionaranse entre si inspirándose no *I Ching*, o libro oracular chino que data do 1200 a. C.

cast.

Contemplación es el título de la instalación con la que Marta Pazos forma parte de la exposición *El museo como escenario* en el CGAC. Con ella nos traslada a un elemento primordial de la creación. Una luz verde similar a la de los fuegos fatuos que expiran de los cuerpos como último hálito de vida. Las ballenas son los únicos animales que guardan y custodian los registros akáshicos. Con sus cantos y vibraciones hilan y anclan información lumínica más allá del plano sensorial. Las ballenas trabajan activamente en la sanación de los océanos; sus energías purifican las memorias almacenadas en el agua. Las ballenas azules están volviendo a nuestras costas en los últimos años; se cree que guiadas por su memoria. En *Contemplación*, Marta Pazos plantea una pieza específica para el Doble Espacio capaz de proporcionar al visitante una experiencia inmersiva en el museo.

La instalación será activada de manera escénica bajo la dirección artística de Marta Pazos y la sonoplastia de Hugo Torres. Lola y Miguel, dos *performers* ciegos casados desde hace más de treinta años, se relacionarán entre sí inspirándose en el *I Ching*, el libro oracular chino que data del 1200 a. C.



Fotografía: Vanessa Rábade

VENRES 10/06**18.30_CGAC****SÁBADO 11/06****18.00_CGAC****Salas de exposicións***Contemplación*

Performance

Marta Pazos

Con Lola Robles

e Miguel Escabias

Sonoplastia de Hugo Torres

CGAC PRESENTA:

Rosana Antolí



gal.

Rosana Antolí presenta *A charca*, unha exposición performática experimental que funciona como espazo coreográfico híbrido capaz de integrar á audiencia como suxeito activo xunto con corpos físicos e dixitais nun continuo loop. En *A charca*, o público, os bailaríns, os *performers*, as esculturas escenográficas e as pantallas, son elementos dun mesmo sistema acuoso futurista que revisa o ficcional con obxectos e corpos nun continuo contexto relacional aberto.

Os tardígrados son seres microscópicos cuxas características biolóxicas dótanlles dunhas increíbles capacidades metabólicas preparadas para a adaptación a condicións extremas. O tardígrado sempre sobrevive porque sempre se adapta ao medio, enténdeo e posúeo.

cast.

Rosana Antolí presenta *La charca*, una exposición performática experimental que funciona como espacio coreográfico híbrido capaz de integrar a la audiencia como sujeto activo junto con cuerpos físicos y digitales en un continuo loop. En *La charca*, el público, los bailarines, los *performers*, las esculturas escenográficas y las pantallas, son elementos de un mismo sistema acuoso futurista que revisa lo ficcional con objetos y cuerpos en un continuo contexto relacional abierto.

Los tardígrados son seres microscópicos cuyas características biológicas les dotan de unas increíbles capacidades metabólicas preparadas para la adaptación a condiciones extremas. El tardígrado siempre sobrevive porque siempre se adapta al medio, lo entiende y lo posee.

PLA

TA

VENRES 10/06

19.30_CGAC

DOMINGO 12/06

18.00_CGAC

Salas de exposicións

A charca

Rosana Antolí

Performance en colaboración con

Mikel Aristegui, Mariña Ferreiro,

Giovanni Peixoto e Nazaré da Vila

Pousada como *performers* e Pálida

no espazo sonoro

gal.

A charca / The Pond concíbese como un achegamento ás fascinantes características destes microanimais, explorando as facetas fisiolóxicas destes vermes desde unha narrativa ficcional e creando nova obra consistente en esculturas, tecidos, videoproxección, pintura e performance. En *A charca* hai ecos do ancestral que se conforman mediante esa referencia á auga como elemento a través das propias esculturas de Rosana Antolí e ao espazo escénico; unhas bases de música electrónica traballadas por Pálida e a referencia a dous universos que coexisten: o contemporáneo e posapocalíptico e o ancestral. En cada momento, a coreografía é un diálogo que salta do virtual e dixital ao mesmo espazo escénico, xerando unha competición entre os corpos dixitais e os corpos tanxibles. O son convértese nun mantra.

Durante o momento de activación, o coreógrafo e bailarín Mikel Aristegui dá vida xunto a Mariña Ferreiro, Giovanni Peixoto e Nazaré da Vila Pousada a este ecosistema. A banda sonora continua e a audiencia pasan a ser axentes colaboradores na experimentación desta historia de espazos interconectados.

cast.

La charca / The Pond se concibe como un acercamiento a las fascinantes características de estos microanimales, explorando las facetas fisiológicas de estos gusanos desde una narrativa ficcional y creando nueva obra consistente en esculturas, tejidos, videoproyección, pintura y performance. En *La charca* hay ecos de lo ancestral que se conforman mediante esa referencia al agua como elemento a través de las propias esculturas de Rosana Antolí y al espacio escénico; unas bases de música electrónica trabajadas por Pálida y la referencia a dos universos que coexisten: el contemporáneo y posapocalíptico y el ancestral. En cada momento, la coreografía es un diálogo que salta de lo virtual y digital al mismo espacio escénico, generando una competición entre los cuerpos digitales y los cuerpos tangibles. El sonido se convierte en un mantra.

Durante el momento de activación, el coreógrafo y bailarín Mikel Aristegui da vida junto a Mariña Ferreiro, Giovanni Peixoto y Nazaré da Vila Pousada a este ecosistema. La banda sonora continua y la audiencia pasan a ser agentes colaboradores en la experimentación de esta historia de espacios interconectados.

María Salgado

Fran MM

Cabeza de Vaca

gal.

Jinete Último Reino FRAG. 1 concéntrase nunha viaxe imposible ao momento —de todo oculto na memoria— no que aprendemos a falar. A música, a poesía e a performance confórmanse como as vías de acceso a ese agora instante estético que non lembramos, pero que temos e nos contén.

María Salgado e Fran MM Cabeza de Vaca levarannos ao pasado no presente para reconstruir a infinitude, o azar e o *continuum* da experiencia verbal dun momento tan extraño e gozoso como utópico. *Reflashear* as sensacións que imaxinamos, que sentimos naquel momento de plena inmersión no mundo/a lingua e no de diferenciación da nosa singularidade nela/el. Ao terminar a viaxe, unha nana convidanos e alértanos do perigo que vén inmediatamente despois.



SÁBADO 11/06

20.00_Teatro Principal

Jinete Último Reino FRAG. 1

María Salgado e Fran MM Cabeza de Vaca

cast.

Jinete Último Reino FRAG. 1 se concentra en un viaxe imposible ao momento —del todo oculto en la memoria— en que aprendimos a hablar. La música, la poesía y la performance se conforman como las vías de acceso a ese ahora instante estético que no recordamos, pero que tenemos y nos contiene.

María Salgado y Fran MM Cabeza de Vaca nos llevarán al pasado en el presente para reconstruir la infinitud, el azar y el *continuum* de la experiencia verbal de un momento tan extraño y gozoso como utópico. *Reflashear* las sensaciones que imaginamos, que sentimos en aquel momento de plena inmersión en el mundo/la lengua y en el de diferenciación de nuestra singularidad en ella/él. Al terminar el viaje, una nana nos invita y nos alerta del peligro que viene inmediatamente después.

Daniel García Andújar

PLA

TA

gal.

El Museo del Pueblo é unha procesión de «obras mestras» *low cost* cuxos orixinais forman parte das máis insignes coleccións museográficas. A cidade, transformada nunha galería improvisada, servirá como escenario que nos trasladará en esencia a aqueles camiños que os mestres, artistas e intelectuais das Misións Pedagóxicas percorrían para levar aos pobos máis remotos e pobres de España copias dos cadros máis famosos, neste caso do Museo del Prado e do Hermitage.

Así, *El Museo del Pueblo* sitúase no centro do debate sobre a reapropiación patrimonial, a produción ou o uso e acceso ao coñecemento, e convértese nunha mostra do dereito que ten o pobo á cultura, o dereito ao saber, a coñecer e a comprender.



DOMINGO 12/06

12.00_Praza do Toural

El Museo del Pueblo

Percorrido polas rúas da cidade

Saída: Praza do Toural

Daniel García Andújar

cast.

El Museo del Pueblo es una procesión de «obras maestras» *low cost* cuyos originales forman parte de las más insignes colecciones museográficas. La ciudad, transformada en una galería improvisada, servirá como escenario que nos trasladará en esencia a aquellos caminos que los maestros, artistas e intelectuales de las Misiones Pedagógicas recorrían para llevar a los pueblos más remotos y pobres de España copias de los cuadros más famosos, en este caso del Museo del Prado y del Hermitage.

Así, *El Museo del Pueblo* se sitúa en el centro del debate sobre la reapropiación patrimonial, la producción o el uso y el acceso al conocimiento, y se convierte en una muestra del derecho que tiene el pueblo a la cultura, el derecho a saber, a conocer y a comprender.



FOR

MA

Markus Linennbrink

PLA

gal.

FLAMINGLOVEANDDESTINY é unha instalación pictórica *site-specific* na que o artista alemán Markus Linnenbrink ocupa a totalidade do espazo da Fundación DIDAC para convertelo nunha pintura habitable e de enormes dimensións.

Markus Linnenbrink realiza unha instalación *site-specific* xogando coas condicións físicas do espazo para ocupar a súa totalidade, converténdoo nunha pintura habitable que impulsa o espectador a mirar en varias direccións e mergullarse na emoción plástica.

A fixación pola cor, nunha gama que prima os complementarios, provoca unha potente fisicidade que deixa fóra de xogo o cubo branco para multiplicar as súas arestas dotándoo de brillo e luz. Sen romper o patrón formal, o artista mergúllanos nunha sorte de xogo de espellos onde se trastorna a noción espacial, interpelada agora polas súas múltiples liñas en fuga.

Markus Linennbrink traballa coa Galería Max Estrella de Madrid.

cast.

FLAMINGLOVEANDDESTINY es una instalación pictórica *site-specific* en la que el artista alemán Markus Linnenbrink ocupa la totalidad del espacio de la Fundación DIDAC para convertirlo en una pintura habitable y de enormes dimensiones.

Markus Linnenbrink realiza una instalación *site-specific* jugando con las condiciones físicas del espacio para ocupar su totalidad, convirtiéndolo en una pintura habitable que impulsa al espectador a mirar hacia varias direcciones y sumergirse en la emoción plástica.

La fijación por el color, en una gama que prima los complementarios, provoca una potente fisicidad que deja fuera de juego al cubo blanco para multiplicar sus aristas dotándolo de brillo y luz. Sin romper el patrón formal, el artista nos sumerge en una suerte de juego de espejos donde se trastoca la noción espacial, interpelada ahora por sus múltiples líneas en fuga.

Markus Linennbrink trabaja con la Galería Max Estrella de Madrid.

TA

03/06-11/09

Fundación DIDAC

FLAMINGLOVEANDDESTINY

Instalación *site-specific*

Markus Linennbrink

MARTES-VENRES:

11.00-14.00 / 16.00-19.00

SÁBADO: previa cita

DOMINGO 12/06

12.30-14.00_Fundación DIDAC

Visita-taller para nenas e nenos

Idades: de 6 a 9 anos

Impartido por: Alba Cacheda



gal.

Durante a exposición activarase a peza de Markus Linnenbrink a través de escoita, o xogo e o movemento, buscando novas posibilidades e miradas. A partir do percorrido, realizaremos un taller dirixido por Alba Cacheda destinado a nenas e nenos de entre 6 e 9 anos, no que investigaremos as relacións entre pintura e arquitectura expostas na instalación.

cast.

Durante la exposición se activará la pieza de Markus Linnenbrink a través de la escucha, el juego y el movimiento, buscando nuevas posibilidades y miradas. A partir del recorrido, realizaremos un taller dirigido por Alba Cacheda destinado a niñas y niños de entre 6 y 9 años, en el que investigaremos las relaciones entre pintura y arquitectura planteadas en la instalación.

gal.

Moitas veces ser actriz é funcionar como alguén que está a actuar nunha historia da que forma parte, pero que non é a súa senón a historia que alguén quere contar a través dela; mesmo a pesar dela. Pero o traballo dunha actriz pódese converter tamén nun modelo de resistencia contra esa forma de actuar.

Isto ocorre cando se acepta ser parte dunha historia e falar por unha mesma, ata o punto de aceptar que che cambie a vida e a forma que tiñas de entender o mundo. Deixarse acompañar polo personaxe nun proceso enriquecedor de descuberta e coñecemento. Facer desaparecer a fronteira que te separa do personaxe sen ocultarse detrás da maquillaxe e o disfraz. Construírse en mediadora sobre o escenario. escoitar os silencios que se ocultan en vidas que tamén merecen ser contadas.

MARTES 14/06

19.00_Fundación DIDAC

Pequenas mentiras para contar

grandes verdades

Conferencia performativa

Chévere [interpretada por Patricia de Lorenzo]

cast.

Muchas veces ser actriz es funcionar como alguien que está actuando en una historia de la que forma parte, pero que no es la suya sino la historia que alguien quiere contar a través de ella; incluso a pesar de ella. Pero el trabajo de una actriz se puede convertir también en un modelo de resistencia contra esa forma de actuar.

Esto ocurre cuando se acepta ser parte de una historia y hablar por una misma, hasta el punto de aceptar que te cambie la vida y la forma que tenías de entender el mundo. Dejarse acompañar por el personaje en un proceso enriquecedor de descubierta y conocimiento. Hacer desaparecer la frontera que te separa del personaje sin ocultarse detrás del maquillaje y el disfraz. Construírse en mediadora sobre el escenario. Escuchar los silencios que se ocultan en vidas que también merecen ser contadas.





Cristina V. Miranda

Auto Sacramental

gal.

Una ausencia no es un piano é una exploración confesional que non dubida en penetrar na chaga e que, no canto de obsesionarse coas respostas, suscita máis interrogantes a través dos que seguir percorrendo o camiño. Nesta viaxe poética a escritora estará acompañada do músico Auto Sacramental, encargado de crear unha atmosfera electrónica e suxerente que irá transformando ao ritmo que marque a poesía.

Unha ausencia non é un piano inspira o seu título nalgúns dos xogos de palabras que Alejandra Pizarnik practica nos seus *Diarios*. A ausencia como punto de partida cara ao pasado, como lugar de orixe para alcanzar a explicación do agora; o piano como alegoría que representa todo o que se perdeu —non é ausencia, pero paréceselle tanto que a evoca e xustifica.

cast.

Una ausencia no es un piano es una exploración confesional que no duda en penetrar en la llaga y que, en vez de obsesionarse con las respuestas, plantea más interrogantes a través de los que seguir recorriendo el camino. En este viaje poético la escritora estará acompañada del músico Auto Sacramental, encargado de crear una atmósfera electrónica y sugerente que irá transformando al ritmo que marque la poesía.

Una ausencia no es un piano inspira su título en algunos de los juegos de palabras que Alejandra Pizarnik practica en sus *Diarios*. La ausencia como punto de partida hacia el pasado, como lugar de origen para alcanzar la explicación del ahora; el piano como alegoría que representa todo lo que se ha perdido —no es la ausencia, pero se le parece tanto que la evoca y justifica.

MÉRCORES 15/06

19.00_Fundación DIDAC

Una ausencia no es un piano
Performance poético-musical
Cristina V. Miranda /
Auto Sacramental

Fotografía: Tamara de la Fuente

Patricia Esquivias

PLA

TA

gal.

Copiar a é unha conferencia performativa de Patricia Esquivias na que profundizará na investigación realizada para *Copiar a Manuela*, un proxecto iniciado por ela no 2020 sobre o traballo de Manuela Ballester arredor do traxe popular mexicano. Ballester viuse forzada ao exilio pola guerra civil española e así foi como levou a cabo en México o traballo de investigación sobre o traxe popular que lle tería gustado desenvolver en España. A aproximación da artista a esta realidade preséntase, como é habitual no seu traballo, dunha forma prospectiva e aberta.

Tomando como punto de partida acontecementos, personaxes ou obxectos culturais, Patricia Esquivias fai visibles historias perdidas e relatos que discuten os argumentos oficiais e as canles hexemónicas de transmisión do coñecemento.

Ao finalizar a charla poderemos quedarnos copiando a Manuela.

cast.

Copiar a es una conferencia performativa de Patricia Esquivias en la que profundizará en la investigación realizada para *Copiar a Manuela*, un proyecto iniciado por ella en el 2020 y que trata sobre el trabajo de Manuela Ballester en torno al traje popular mexicano. Ballester se vio forzada al exilio durante la guerra civil española y esto la llevó a realizar en México el trabajo de investigación sobre el traje popular que le habría gustado desarrollar en España. La aproximación de la artista a esta realidad se presenta, como es habitual en su trabajo, de una forma prospectiva y abierta.

Tomando como punto de partida acontecimientos, personajes u objetos culturales, Patricia Esquivias visibiliza historias perdidas y relatos que discuten los argumentos oficiales y los canales hegemónicos de transmisión del conocimiento.

Al finalizar la conferencia podremos quedarnos copiando a Manuela.

XOVES 16/06

18.00_Fundación DIDAC

Copiar a

Conferencia performativa

Patricia Esquivias

Visión moderna del traje mexicano, 1968, Berlín
Copia de Bruno Beramendi Ledo



FOR

MA



VENRES 17/06

18.00_Teatro Principal

La puerta natural, 2022

Chus Pato / Rodríguez-Méndez

gal.

Durante o 2021 recibín por correo postal os cadernos de Rodríguez-Méndez.

Cada álbum contiña 100 imaxes, acompañadas por un pé no que o artista daba conta de cada unha delas.

Chegaban nunha carpeta azul, envoltas en papel de seda e foron para min unha vida sensible e intelectual de intensidade suprema.

Comprometérame a comentar as imaxes que ao meu ver tiñan relación coa morte.

Así o fixen ao longo deses 365 días.

Son nove bloques de escritura que responden aos 9 cadernos de Rodríguez-Méndez.

Paralelamente escribía a onda oitava dun libro que agora no 2023 estou a piques de rematar *Sonora* e no que traduzo o loito pola perda da miña nai.

A eses nove bloques de imaxes e escritura tería que engadir os nove poemas da oitava onda de *Sonora*.

Durante un ano a miña mente foi unha coas estampas dos cadernos. Foi algo inesquencible. Algo que xa non precisa nin de min, nin de Rodríguez-Méndez.

Alenta en por sí. Autodeterminado e ceibe como todo proxecto artístico.

Chus Pato

cast.

Durante el 2021 recibí por correo postal los cuadernos de Rodríguez Méndez.

Cada álbum contenía 100 imágenes, acompañadas por un pie en el que el artista daba cuenta de cada una de ellas.

Llegaban en una carpeta azul, envueltas en papel de seda y fueron para mí una vida sensible e intelectual de intensidad suprema.

Me había comprometido a comentar las imágenes que a mi modo de ver tenían relación con la muerte.

Así lo hice a lo largo de estos 365 días.

Son nueve bloques de escritura que responden A los 9 cuadernos de Rodríguez-Méndez.

Paralelamente escribía la onda octava de un libro que ahora en 2023 estoy a punto de terminar *Sonora* y en el que traduzco el luto por la pérdida de mi madre.

A esos nueve bloques de imágenes y escritura tendría que añadir los nueve poemas de la octava onda de *Sonora*.

Durante un año mi mente fue una con las estampas de los cuadernos. Fue algo inolvidable. Algo que ya no necesita ni de mí, ni de Rodríguez-Méndez.

Alienta de por sí. Autodeterminado y libre como todo proyecto artístico.

Chus Pato

Rodríguez-Méndez

gal.

Durante o ano 2021 Rodríguez-Méndez envía periodicamente a Chus Pato un caderno impreso á súa dirección física. Estes cadernos conteñen cada un 100 obras inéditas e outras producidas sobre as que o poeta fai unha selección de obras que traten e investiguen contorna ao concepto da morte física do home.

O número total de envíos foron 9.

O proxecto que presentamos en *Plataforma 2022* consiste en dúas accións que nalgún momento do proceso se “atopan”. Chus Pato lerá, publicamente e nun só día, as descrições de todas as obras que recibiu durante este período, a duración dese acto está marcada polo número de obras e o tratamento que a poeta lle dea aos textos.

Durante os días que dura o festival, Rodríguez-Méndez tenta producir todas as obras que a poeta seleccionou durante o proceso de traballo no ano 2021. Usa para iso un taller situado na cidade de Santiago que estará aberto a ser visitado polo público que asiste ao festival.

cast.

Durante el año 2021 Rodríguez-Méndez envía periódicamente a Chus Pato un cuaderno impreso a su dirección física. Estos cuadernos contienen cada uno 100 obras inéditas y otras producidas sobre las que la poeta hace una selección de obras que traten e investiguen entorno al concepto de la muerte física del hombre.

El número total de envíos fueron 9.

El proyecto que presentamos en *Plataforma 2022* consiste en dos acciones que en algún momento del proceso se “encuentran”. Chus Pato leerá, públicamente y en un solo día, las descripciones de todas las obras que ha recibido durante este período, la duración de ese acto la marca el número de obras y el tratamiento que la poeta le dé a los textos.

Durante los días que dura el festival, Rodríguez-Méndez intenta producir todas las obras que la poeta ha seleccionado durante el proceso de trabajo en el año 2021. Usa para ello un taller situado en la ciudad de Santiago que estará abierto a ser visitado por el público que asiste al festival.

PLA

TA



09.06–18.06

12.30–14.30_Ruela da Oliveira

Accións

Rodríguez-Méndez

FOR

MA

gal.

A acción proposta consiste en transformar a galería nun espazo portátil, nunha galería “plenairista” que, do mesmo xeito que facían os paisaxistas de finais do século XIX cargados cos seus bártulos de pintor, se despraza na busca dun momento de luz imposible.

Galería plenairista parte de entender a galería como un cadro, pero tamén como un espazo de observación ou como un marco e de pensala como un artefacto permeable aos elementos: o vento, a choiva, o sol. Case como un reloxo solar. Unha galería que é á vez espazo de poder e de precariedade, estandarte do estable e o efémero. Que se monta e desmonta como quen arma e desarma un cabaleta plegable. Porque unha galería tamén pode ser plegable. E tamén pode ser un dispositivo portátil, como un daqueles cadros que debaixo do brazo dos pintores plenairistas facía un percorrido de ida e volta, saíndo do estudo en brando e volvendo cunha paisaxe contida na súa superficie. Unha “galería plenairista” podería ser todo isto. Galería plenairista.



SÁBADO 18/06

12.00_Parque de Bonaval

Inauguración *Galería plenairista*

Irene Grau / Alberto Odériz

En colaboración coa Galería Nordés

cast.

La acción propuesta consiste en transformar la galería de arte en un espacio portátil, en una galería “plenairista” que, a la manera de los paisajistas de finales del siglo XIX cargados con sus bártulos de pintor, se desplaza en busca de un momento de luz imposible.

Galería plenairista parte de entender la galería como un cuadro, pero también como un espacio de observación o como un marco, y de pensarla como un artefacto permeable a los elementos: el viento, la lluvia, el sol. Casi como un reloj solar. Una galería que es a la vez espacio de poder y de precariedad, estandarte de lo estable y lo efímero. Que se monta y desmonta como quien arma y desarma un caballete plegable. Porque una galería también puede ser plegable. Y también puede ser un artilugio portátil, como uno de aquellos lienzos que bajo el brazo de los pintores hacía un recorrido de ida y vuelta, saliendo del estudio en blanco y volvendo con un paisaje contenido en su superficie. Una “galería plenairista” podría ser todo esto. Galería plenairista.



N O R D É S



gal.

En *Marcha para culleres (Vite 1992)* Ana Gesto volve ao barrio da infancia para investigar e afondar nos recunchos da memoria individual e colectiva. O popular utilízase como ferramenta performativa, situándonos nos extremos da cidade, no arrabalde do arrabalde, onde se esvaecen as fronteiras entre o rural e o urbano.

Marcha para culleres é unha acción *site-specific* en forma de performance sonora que pretende indagar na cotiandade e os percorridos persoais, como metodoloxía de reflexión sobre a convivencia entre o novo e o vello. A presenza, o espazo, e a materialidade dos obxectos vólvense esenciais para analizar as prácticas culturais e sociais. O son das culleres resoa como tintineo do cotián ou como explosión das engurras do acontecemento.

cast.

En *Marcha para culleres. (Vite 1992)* Ana Gesto volve al barrio de la infancia para investigar y profundizar en los recovecos de la memoria individual y colectiva. Lo popular se utiliza como herramienta performativa, situándonos en los extremos de la ciudad, en el extrarradio del extrarradio, donde se desvanecen las fronteras entre lo rural y lo urbano.

Marcha para culleres es una acción *site-specific* en forma de performance sonora que pretende indagar en la cotidianidad y los recorridos personales, como metodología de reflexión sobre la convivencia entre lo nuevo y lo viejo. La presencia, el espacio, y la materialidad de los objetos se vuelven esenciales para analizar las prácticas culturales y sociales. El sonido de las cucharas resuena como tintineo de lo cotidiano o como explosión de las arrugas del acontecimiento.

SÁBADO 18/06

18.00_Barrio de Guadalupe

Saída: Rúa Celso Emilio Ferreiro,
bloque nº4

Marcha para culleres (Vite 1992)

Performance

Ana Gesto

SÁBADO 18/06

23.00_Praza de San Martiño Pinario

Transit ad essentielle

Performance audiovisual

Pálida / MIL111

(Iria del Bosque / Borja Fernández)

Sesión clausura Plataforma

gal.

Pálida, alias que responde á identidade do vigués José Garnelo, é un vehículo expresivo con marcada predilección polo directo, traballando sempre con hardware, sen ordenadores, e producindo a súa música en vivo. Os seus espectáculos fusionan *ambient*, *techno*, *microhouse*, *noise* e psicodelia en sesións intensas e hipnóticas, mentres que en cada traballo de estudio revela novas aristas da súa poliédrica creatividade.

cast.

Pálida, alias que responde a la identidad del vigués José Garnelo, es un vehículo expresivo con marcada predilección por el directo, trabajando siempre con hardware, sin ordenadores, y produciendo su música en vivo. Sus espectáculos fusionan *ambient*, *techno*, *microhouse*, *noise* y psicodelia en sesiones intensas e hipnóticas, mientras que en cada trabajo de estudio revela nuevas aristas de su poliédrica creatividad.

gal.

Pola súa parte, Iria del Bosque e Borja Bernárdez conforman MIL111, proxecto no que traballan coa luz, o espazo, o son e a imaxe como ferramentas coas que crear fisuras na realidade para propoñer universos alternativos e novos puntos de vista sobre o mundo.

A fusión de ambos proxectos da como resultado *Transit ad essentielle*, unha performance audiovisual que induce a transitar, dende a distracción do superfluo, o ruído e o caos, cara unha esencia despojada de todo artificio en prol do básico, a través das perdas das formas sonoras e visuais.

cast.

Por su parte, Iria del Bosque y Borja Bernárdez conforman MIL111, proyecto en el que trabajan con la luz, el espacio, el sonido y la imagen como herramientas con las que crear fisuras en la realidad para proponer universos alternativos y nuevos puntos de vista sobre el mundo.

La fusión de ambos proyectos da como resultado *Transit ad essentielle*, una performance audiovisual que induce a transitar, desde la distracción del superfluo, el ruido y el caos, hacia una esencia despojada de todo artificio en aras de lo básico, a través de las pérdidas de las formas sonoras y visuales.



Benxamín Otero

PLA

TA

gal.

Das doce composicións que Misha Bies Golas logrou sacar ás superficies dos seus *Patrones*, Benxamín Otero entregouse, *a posteriori*, á delicada labor de musicar cada unha das formas xurdidas de entre a maraña desas xeografías téxtiles, en lugar de crear as liñas que o son impón.

Atopámonos, desta forma, ante unha dicotomía entre o carácter mecánico dos doce patróns e a sensibilidade absoluta que propicia a interpretación destes. Un punto intermedio entre a máquina como medio de reprodución e o home como xerador dunha obra única. Producir unha aura que individualiza a estampa reproducida mecanicamente. A rendición da máquina fronte ao sensible.

Esta obra forma parte da mostra *Sons improbábeis* que pode verse no Auditorio de Galicia desde o 28 de xuño ata o 16 de outubro.

cast.

De las doce composiciones que Misha Bies Golas logró sacar a la superficie de sus *Patrones*, Benxamín Otero se entregó, *a posteriori*, a la delicada labor de musicar cada una de las formas surgidas de entre la maraña de esas geografías textiles, en lugar de crear las líneas que el sonido impone.

Nos encontramos, de esta forma, ante una dicotomía entre el carácter mecánico de los doce patrones y la sensibilidad absoluta que propicia la interpretación de estos. Un punto intermedio entre la máquina como medio de reproducción y el hombre como generador de una obra única. Producir un aura que individualiza la estampa reproducida mecanicamente. La rendición de la máquina frente a lo sensible.

Esta obra forma parte de la muestra *Sons improbábeis* que puede verse en el Auditorio de Galicia desde el 28 de junio hasta el 16 de octubre

Misha Bies Golas

FOR

MA



MARTES 28/06

20.30_Auditorio de Galicia

Patróns (12 pezas para frauta, clarinete, tuba e vibráfono sobre 12 pezas de Misha Bies Golas)

Benxamín Otero

Frauta: Antonio Taboada

Clarinete: José Luís Taboada

Tuba: Pablo Doval

Vibráfono: José Manuel Taboada

Localizacións



Entradas

gal.

As entradas de *Plataforma. Festival de artes performativas* son gratuitas pero nalgúns casos é necesario realizar a reserva previa para cada acción desde a páxina web do festival (plataforma.gal).

A reserva de entradas manterase ata 10 minutos antes do comezo do espectáculo. En caso de non poder asistir rogámosche que o comuniques mediante un email a info@performa.gal para que outra persoa poida ocupar o teu asento.

Moitas grazas por asistir á terceira edición do festival Plataforma.
Si necesitas información adicional podes escribir a **info@performa.gal** e resolveremos as túas dúbidas.

cast.

Las entradas de *Plataforma. Festival de artes performativas* son gratuitas pero en algunos casos es necesario realizar la reserva previa para cada acción desde la página web del festival (plataforma.gal).

La reserva de entradas se mantendrá hasta 10 minutos antes del comienzo del espectáculo. En caso de no poder asistir rogamos que lo comuniques mediante un email a info@performa.gal para que otra persona pueda ocupar tu asiento.

Muchas gracias por asistir a la tercera edición del festival Plataforma.
Si necesitas información adicional puedes escribir a **info@performa.gal** y resolveremos tus dudas.

- 1. Centro Galego de Arte Contemporánea – CGAC**
Rúa de Ramón del Valle-Inclán, 2
MARTES-DOMINGO: 11.00–20.00
- 2. Fundación DIDAC**
Rúa de Pérez Costanti, 12
MARTES-VENRES: 11.00–14.00
16.00–19.00
SÁBADO: previa cita
- 3. Teatro Principal**
Rúa Nova, 21
- 4. Auditorio de Galicia**
Avenida do Burgo
das Nacións s/n
- 5. San Martiño Pinario**
- 6. Parque de Bonaval**
- 7. Praza do Obradoiro**
- 8. Praza do Toural**
- 9. Ruela da Oliveira**
- * Barrio de Guadalupe**
Rúa Celso Emilio Ferreiro
bloque4

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09.06-18.06.2022

Macarena Montesinos
Banda Municipal de Música
de Santiago de Compostela
Rosana Antolí
Berio Molina
Marta Pazos
Calís Pato
Alejandra Pombo Su
Lola Robles
Miguel Escabias
Mikel Arístegui
Mariña Ferreiro
Giovanni Peixoto
Nazaré da Vila
María Salgado
Fran MM Cabeza de Vaca

Daniel García Andújar
Chévere
Patricia de Lorenzo
Cristina V. Miranda
Auto Sacramental
Patricia Esquivias
Chus Pato
Rodríguez-Méndez
Irene Grau
Alberto Odériz
Ana Gesto
Pálida
MIL111
Benxamín Otero
Misha Bies Golas
Markus Linnenbrink



O FESTIVAL PLATAFORMA É UN PROXECTO DE COOPERATIVA PERFORMA.